

Programación Xeral Anual
Curso 2019/20

ÍNDICE

1.	Obxectivos específicos para o curso académico	3
2.	Medidas a desenvolver para a súa execución	3
3.	Distribución horaria	4
4.	Plan para a potenciación e organización das relacións coa comunidade e a familia	5
5.	Servizos complementarios (aula matinal, transporte e comedor)	6
6.	Actividades extraescolares	7
7.	Organización do profesorado	8
8.	Agrupamentos alumnado	8
9.	Obradoiros Dinámicos	8
10.	Departamentos e Etapas	9
11.	Plan lector	9
12.	Centro E-DIXGAL	11
13.	Centro Plurilingüe	11
14.	Avaliacións finais e individualizadas do sistema educativo	12
15.	Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica	13
16.	Atención á diversidade	18
17.	Espazo das Intelixencias Múltiples	19
18.	Espazos Abertos	20
19.	Aprendizaxe Cooperativa	20
20.	Plan de Convivencia Escolar	21
21.	Calendario escolar	21
23.	Órganos Colexiados	23
24.	Órganos unipersoais	24
25.	Vixilancias de recreo	24
26.	Persoal non docente	25
27.	Saídas escolares	25
28.	Festas, conmemoracións e celebracións	29
29.	Formación do profesorado	30
30.	Calendario de reunións	31
31.	Plan de autoprotección	39
32.	Equipo de normalización lingüística e plan de potenciación da lingua galega	42

1. Obxectivos específicos para o curso académico

Na liña desenvolvida en anos anteriores Colexio Andersen, ademais dos obxectivos curriculares do presente curso, relacionados coas distintas materias, ten como finalidade acadar outros que están relacionados co desenvolvemento do alumnado, tanto na súa vertente humana como social. Respectando os niveis mínimos indicados pola Administración Educativa para cada ciclo, a Escola, partindo das características do seu alumnado, e da súa experiencia educativa, plantea ampliar na medida do posible estes obxectivos, complementados con novas propostas educativas que definen o proxecto Andersen coma un proxecto aberto ás novas tecnoloxías e ás novas proposta no eido educativo.

“Ordenar os medios precisos para que se consigan os fins do proceso educativo”. Seguimos crendo neste obxectivo xeral, que desenvolve, entre outros, os obxectivos de:

- Fomentar un ambiente de estímulo para desenvolver o labor educativo.
- Crear novos ESPAZOS educativos que fomenten a creatividade e os niveis competencias.
- Favorecer e potenciar o traballo de grupo e coordinación entre o profesorado.
- Desenvolver entre as familias e o profesorado unhas relacións cordiais e de colaboración.
- Potenciar a participación dos distintos sectores da comunidade escolar no proceso educativo de Colexio Andersen.
- Promover o interese polo traballo e a aprendizaxe entre o alumnado, creando o ambiente necesario.
- Promover nas instalacións escolares unha estética que fomente a sensibilidade polo bo gusto.

2. Medidas a desenvolver para a súa execución

Podemos agrupalas en tres ciclos:

A-Educación Infantil. Dentro do ciclo de Educación Infantil cada grupo dispón de diversos apoios repartidos de maneira diferente ó longo da semana. En xeral, son utilizados para desdobrar a clase. Así, mentres un grupo realiza unha tarefa, outro grupo realiza outra, conseguindo así un traballo máis intenso, personalizado e cunha maior atención cara ao alumnado (espazo inglés situacional, espazo dixital, psicomotricidade, grafomotricidade,...).

B-Educación Primaria. Os apoios úsanse para facer actividades de reforzo en pequenos grupos, que varían ó longo do curso (espazo inglés situacional, espazo dixital, lectura individual,

espazo Pitágoras, espazo verbum,...) Ademais, estes cursos contan coa colaboración do Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica en actividades de logopedia e traballos de reforzo.

Cóntase con diversas sesións semanais de reforzo, nas que se utilizan diferentes criterios, que poden sufrir variación ao longo do curso. Haberá reforzos para dividir a clase en grupos, traballando así de xeito que a incidencia no alumnado sexa maior e sesións de reforzo educativo cunha selección do alumnado realizada a partires das dificultades de aprendizaxe detectadas polo profesorado, contando sempre co asesoramento do Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica. Estes grupos, que traballan distintos aspectos das aprendizaxes como lectura comprensiva, escritura, ortografía, cálculo, cálculo mental, problemas,... poden variar a súa composición ao longo do curso. Algúns grupos contan con apoio informático para a realización dos reforzos ou desdobramentos propostos. Tamén se realiza un traballo máis intenso, en grupos moi reducidos, dirixido polo profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.

C- Educación Secundaria Obrigatoria. Hai apoios en lingua inglesa como o descrito anteriormente, impartido por unha auxiliar de conversa nativa de Uganda, e outros apoios, similares, tanto para desdobrar a clase e traballar en grupo pequeno, como para facer reforzos educativos, axudando a superar as dificultades noutras áreas, nas de Lingua Castelá e Matemáticas. Os grupos, variables ó longo do curso, contan co asesoramento permanente do Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica.

3. Distribución horaria

Educación Infantil:

09:15 a 11:15 horas	Actividades lectivas
11:15 a 12 horas	Recreo
12 a 13:30 horas	Actividades lectivas
13:30 a 13:55 horas	Recreo
13:55 a 14:15 horas	Actividades lectivas
14:15 a 14:45 horas.....	Actividades extraescolares
14:45 a 16:00 horas	Servizo de comedor
16:00 a 17:30 horas	Actividades Extraescolares da ANPA

Educación Primaria

09:15 a 10:55 horas	Actividades lectivas
10:55 a 11:10 horas	Recreo
11:10 a 12:50 horas	Actividades lectivas
12:50 a 13:10 horas	Recreo
13:10 a 14:05 horas	Actividades lectivas
14:05 a 14:45 horas.....	Actividades extraescolares
14:45 a 16:00 horas	Servizo de comedor
16:00 a 17:30 horas	Actividades Extraescolares da ANPA

Educación Secundaria Obrigatoria

09:15 a 10:55 horas	Actividade lectivas
10:55 a 11:10 horas	Recreo
11:10 a 12:50 horas	Actividade lectivas
12:50 a 13:10 horas	Recreo
13:10 a 14:45 horas	Actividade lectivas
14:45 a 16:00 horas	Servizo de comedor
16:00 a 17:40 horas	Actividade (Só os martes lectivos)

4. Plan para a potenciación e organización das relacións coa comunidade e a familia

Colexio Andersen está concibido como unha comunidade educativa aberta, especialmente en dúas fronteiras:

- As relacións coas familias, individualmente, en grupo ou como organización. A Escola está aberta á participación das familias, non só como representantes na súa asociación, no Consello Escolar, na Comisión de Convivencia ou Económica,... senón como algo dinámico. A Tal fin a Escola quere rendibilizar ao máximo e adaptarse ás tecnoloxías potenciando a utilización das redes sociais neste proceso comunicativo coas familias coa utilización da WEB e da rede TOKAPP SCHOOL. A inmediatez e permanente comunicación coas familias fai máis eficaz esta comunicación.
- Ao longo do actual curso están previstas diversas actividades, entre as que cómpre destacar diversas charlas-exposicións, eventos xerados polos diversos departamentos, actividades de

aprendizaxe iniciadas desde as aulas, conmemoracións creadas desde os ámbitos do mundo social e cultural, festas organizadas pola ANPA, festa fin de curso, etc.

- No aspecto deportivo, os diversos equipos contarán en todo momento coa colaboración da Escola na organización e utilización das instalacións escolares fóra do horario lectivo, así como para organizar os eventos deportivos que consideren apropiados.
- As relacións coa comunidade, en dous sentidos. Cara a fóra, no que o alumnado realizará diversas saídas escolares a lugares e actos culturais ou de interese. Cara dentro, no que diversas persoas e colectivos, desde escritores, músicos, cantareiras,... a institucións, son invitadas á Escola para contribuír así a unha maior calidade do ensino e a fortalecer e dinamizar o curriculum escolar e á bagaxe cultural do alumnado.
- A utilización das instalacións escolares por parte de Asociacións do Alumnado, grupos de renovación pedagóxica, antigo alumnado, familias,.. require a solicitude previa ao Equipo Directivo, cunha antelación mínima de tres días. O director resolverá, de acordo coas directrices da Titularidade e do Consello Escolar se o seu destino é a finalidade propia das distintas asociacións ou grupos de persoas, sempre que non altere o normal funcionamento do Centro.

5. Servizos complementarios (aula matinal, transporte e comedor)

5.1. Aula matinal

Para todo o alumnado que o precise, que poderán entrar na Escola a partires das 8 horas, vixiados polo profesorado.

5.2. Plan para a utilización do transporte escolar

O transporte escolar contará no presente curso con 1 autobús, da empresa Vda. de Domínguez, que fará o percorrido de Vigo, de acordo cun percorrido predeterminado. E dúas furgonetas, que farán percorridos curtos a Baiona, Nigrán, A Ramallosa e Gondomar. Ademais de Beade e Castrelos.

Os martes polo serán, ó remate das clases de Secundaria, hai un servizo de transporte a Vigo e outro a Gondomar-Baiona-Nigrán (este último realizado polas furgonetas).

Ambas furgonetas son conducidas por profesorado do Centro, contando cos permisos precisos para o desempeño con garantías do servizo de transporte escolar (condutores e furgonetas).

5.3. Regulamento do servizo de comedor

Funciona impartindo un pequeno almuerzo para o alumnado ata 1º de Educación Primaria, inclusive. O almuerzo dáse ás 11 horas. O mesmo é preparado por persoal da Escola de xeito que queden garantidas as condicións de coidado e hixiene cunha correcta manipulación dos alimentos. Persoal con titulación de manipulación de alimentos. A limpeza dos útiles faise cun lavalouzas axeitado aos traballos de hostalería e que garante unhas óptimas condicións de hixiene.

O servizo de Comedor para todo o alumnado é de 14:45 a 16 horas na aula destinada para este servizo no edificio de Primaria ao lado da cociña do colexio. A comida é proporcionada polo cátering Arelas (Polígono Industrial A Pasaxe, Nave 5, 36316 Vincios, Pontevedra) servido polas súas monitoras e ademais por persoal contratado polo colexio.

Funciona tamén, os martes, un servizo de comedor para o alumnado de Secundaria, pois teñen clase polas tardes, con vixilancia por parte do profesorado, optimizando así a xestión do tempo deste alumnado que asiste a clase pola tarde. Existen dúas modalidades: servizo de comidas mediante unha empresa de cátering ou podendo aqueles que o desexen traer o seu xantar preparado e traído da casa. Tamén se pode facer uso deste servizo de xeito eventual.

6. **Actividades extraescolares**

A Escola e as familias consideran estas actividades moi importantes, pois complementan a formación integral do alumnado. Para o presente curso están organizadas as seguintes:

- Espazo Dixital
(tratamento de programas co ordenador)
- Espazo Obradoiros
(obradoiros dinámicos: cocina, robótica, teatro, xardinería, xadrez...)
- Espazo Conversa
(inglés-conversación situacional)
- Espazo Pitágoras
(aprendizaxe e manexo dos números, a lóxica, percepción espacial... a través do xogo)
- Espazo Verbum

(aprendizaxe e tratamento da palabra a través do xogo)

○ Espazo + Media

(propostas audiovisuais e escritas: radio, televisión e prensa)

7. Organización do profesorado

O profesorado está organizado por ciclos e especialidades. Todas as materias están impartidas por profesorado segundo as súas especialidades. Por isto, xa desde 4º de Educación Infantil, cada curso conta con profesorado que impartindo as distintas materias. En Secundaria hai máis profesorado que imparte en cada curso pois as especialidades son máis específicas para cada materia. Nos ciclos e departamentos tamén están organizados polas especialidades.

8. Agrupamentos alumnado

4º Educación Infantil	24 alumnos
5º Educación Infantil	25 alumnos
6º Educación Infantil	24 alumnos
1º Educación Primaria	27 alumnos
2º Educación Primaria	21 alumnos
3º Educación Primaria	25 alumnos
4º Educación Primaria	25 alumnos
5º Educación Primaria	24 alumnos
6º Educación Primaria	25 alumnos
1º Educación Secundaria Obrigatoria	29 alumnos
2º Educación Secundaria Obrigatoria	29 alumnos
3º Educación Secundaria Obrigatoria	28 alumnos
4º Educación Secundaria Obrigatoria	30 alumnos

9. Obradoiros Dinámicos

De carácter trimestral para EP e ESO, preténdese que o alumnado acade, ademais dos obxectivos propios de cada obradoiro, unha información significativa do que se traballa en cada un deles orientados á formación non regrada. A participación realízase de xeito aleatorio, onde

priman, nun primeiro momento, os intereses na elección dos diferentes obradoiros e a obrigatoriedade de pasar por cada unha das propostas ofertadas nos distintos obradoiros. Para o presente curso están expostos:

- Mércores (5º e 6º de Educación Primaria):
Espazo + Media (ARTP), Robótica, Skills Labs, Cociña, Iniciación ao xadrez e Teatro básico.
- Xoves (1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria):
Danza, Teatro Avanzado, Espazo + Media (ARTP), Xardinería e horta, Cociña e Robótica/3D.

10. Departamentos e Etapas

A organización escolar está dividida operativamente en tres etapas, organizados cada un deles polo seu correspondente equipo coordinador; a súa vez, estes están integrados no departamento de Biblioteca, xa que este é o elemento dinamizador da actividade do Centro.

- Educación Infantil
- Educación Primaria
- Educación Secundaria Obrigatoria

Ademais dos traballos e reunións propios de cada ciclo, existen departamentos formalmente organizados. Para o presente curso funcionan o de Lingua Galega e Normalización Lingüística, Lingua Castelá, Matemáticas, Linguas Estranxeiras, Ciencias e Educación Artística. De tódolos xeitos, e segundo evolución e necesidades do curso, expóranse outras formas puntuais de traballo para o alumnado, ben agrupados por niveis, por materias, por temas a tratar...

11. Plan lector

O fomento da lectura foi, é e será un dos grandes obxectivos de Colexio Andersen. Durante o curso están organizadas diversas actividades encamiñadas ó fomento da lectura e coordinadas desde o Departamento de Biblioteca. Actualizado anualmente, desenvólvese o plan lector, proporcionando recursos e integrando todas as actuacións da Escola destinadas ao fomento da lectura e a escritura e a adquisición das competencias básicas para que o feito de ler continúe a ser un lecer, un hábito gratificante, sabendo que o demais dáse por este lecer e por este hábito: a cultura, a ampliación e coñecemento do mundo que nos rodea, a comprensión e a solidariedade.

Cabe destacar o enorme esforzo que se está a realizar neste ámbito (dotación bibliográfica, infraestrutura material e económica, aumento de horas do profesorado encargado das actividades...) co única fin de potenciar e rendibilizar os nosos recursos cara a consecución dos obxectivo propostos para esta actividade, incluídos os competenciais. Por iso, ao igual co curso anterior, solicitouse na Xunta as Axudas para centros privados concertados no ámbito das bibliotecas escolares e fomento da lectura.

O noso Plan Lector tenta conseguir que o alumnado do Colexio Andersen, ao remate dos seus estudos e con relación á súa idade, posúa as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Para isto o profesorado adquire o compromiso de poñer todo o seu empeño en elevar o nivel de comprensión lectora así como en fomentar o hábito lector entre o alumnado.

A lectura é un dos alicerces básicos de calquera aprendizaxe e unha fonte de adquisición de coñecementos. O Plan Anual de Lectura é o documento que recompila todas as iniciativas relacionadas coa formación lectora e a contribución da biblioteca no fomento do hábito lector.

Aínda con camiño por percorrer, a biblioteca estase a converter nun lugar no que apetece estar para ler e traballar e no que cada vez con maior asiduidade se desenvolven actividades relacionadas coa práctica docente. Dispón de numerosos fondos, sobre todo bibliográficos e multimedia.

Os espazos da biblioteca son un recurso imprescindible para a consecución dos obxectivos educativos en todas as áreas, proporcionando un continuo apoio ó proceso ensinanza-aprendizaxe e ó impulso da competencia lectora e do hábito lector.

O fin primordial da biblioteca será asegurar o acceso á ampla gama de recursos bibliográficos, informativos e didácticos, de xeito que toda a comunidade escolar poida utilizala con finalidades recreativas, informativas e de educación permanente.

Dentro das iniciativas creadas para levar a cabo a mellora do hábito lector, atopamos os diversos espazos da biblioteca, dúas zonas de préstamo, dous espazos TICS, dous espazos lúdicos e un espazo creativo de intelixencias múltiples, que representa a parte manipulativa e experimental dos contidos académicos sempre en coordinación cos proxectos da biblioteca, relacionando os libros cos seus recursos manipulativos.

Estamos inmersos no proxecto da Radio na Escola, nesta primeira fase estamos a realizar podcasts, pequenos programas e entrevistas. Nun futuro, esta idea pretende medrar e soar en directo na nosa escola, paralelo faremos programas de audiovisuais axudados do croma, neste intre estase a realizar programas piloto. ANEXO I: Plan Anual de Lectura 2019-2020.

12. Centro E-DIXGAL

O uso das TIC está xeneralizado en tódolos niveis, con obxectivos adecuados para cada idade. Entendendo a tecnoloxía dixital coma un medio máis de aprendizaxe, sendo obxectivo fundamental a familiarización do traballo cos recursos dixitais; a adquisición da competencia dixital está dirixida ao desenvolvemento das distintas competencias: matemática, lingüística, naturalista... Neste punto incidir na aposta que fixo o Centro fai dous cursos e mínimo para os próximos dous anos ao solicitar o proxecto EDIXGAL da Xunta de Galicia para 5º, 6º de EP e 1º e 2º de ESO. Isto permítenos continuar e afondar co traballo iniciado co proxecto ABALAR coa fin de desenvolver unha educación competencial no mundo das TICS. A estes obxectivos hai que engadir, para o obradoiro de 5º e 6º de Primaria, a utilización básica de tratamento de textos, e o manexo de enciclopedias e outros programas de interese educativo. No presente curso, desenvolveranse as TICS, tecnoloxías da información e comunicación, como instrumentos de traballo e técnicas para obter información e desenvolver destrezas no uso da tecnoloxía audiovisual e informática. O Centro segue a dispoñer dunha aula de informática para Infantil e Primaria e outra para Secundaria, onde fai xa anos traballase na nosa aula virtual coa plataforma MOODLE.

Como complemento ao proxecto E-DIXGAL o centro implementou o equipamento informático na aula de 3º ESO, con ordenadores portátiles; tablets para o desenvolvemento dos obradoiros e espazos dinámicos e aproveitamento dos portátiles do proxecto Abalar para o seu uso no resto de aulas onde se faga necesaria a súa utilización.

13. Centro Plurilingüe

Este curso seguimos contando con toda a etapa de educación infantil no programa do plurilingüismo con cinco sesións semanais de clase en lingua inglesa para os tres cursos. Na etapa

de Primaria imparte a profesora Hilda Martín Alonso nos seis cursos Educación Física en inglés e tamén nesta lingua a materia de Educación Plástica, Calima Fernández Barcia, Hilda Martín Alonso e Bernardo Justo Álvarez. E na etapa de secundaria a materia de educación física en 1º e a de libre configuración Oratoria, impartida por Carolina Gómez Alonso.

A coordinadora do departamento de Lingua Inglesa será Carolina Gómez Alonso e a de Plurilingüismo María Dolores González Martínez, e xunto co resto de profesorado que imparte as materias plurilingües reuniranse como mínimo unha vez ao trimestre para facer seguimento, avaliación, planificación e execución de melloras para a consecución dos obxectivos establecidos.

Do 24 ao 30 de novembro solicítouse a participación do curso 6º educación primaria na actividades “English Week” onde pasan unha semana nun centro internado de Galicia con persoas nativas de fala inglesa, pero na resolución estamos de suplentes.

Gracias a ONG ASDEGAL e a colaboración da CECE, este ano, como os dous cursos anteriores, temos contratada unha persoa nativa de Uganda para que sexa auxiliar de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística oral en inglés de todo alumnado do Colexio.

14. Avaliacións finais e individualizadas do sistema educativo

De acordo coa lexislación vixente, pasaranse as probas nos cursos sinalados. Esta avaliación segundo dispón a orde non terá efectos académicos, será formativa e orientadora para os centros e informativa para as familias e o conxunto da comunidade educativa. As competencias que se avaliarán serán segundo a convocatoria oportuna da Consellería de Educación.

Por todo isto constituirase un equipo de avaliación formada polo director, a xefa de estudos, a secretaria, os titores dos cursos a avaliar e os profesores das materias a examinar.

Asemade a Dirección do Centro habilita os seguintes perfís de usuarios da aplicación como establece a Lei:

- a) Perfil de Dirección: José Méndez Güenaga, Director do Centro
- b) Perfil de carga de datos: Calima Fernández Barcia, Secretaria

A corrección da proba, a proposta da Comisión de coordinación e nomeada pola Dirección, correrá a cargo dos profesores titores responsables.

Os resultados obtidos, serán avaliados pola dirección e coordinadores de Primaria e Secundaria. Segundo sexan os mesmos, e tendo en conta as dificultades atopadas, convocarase reunión de ciclo e/ou departamento para tomar as medidas que sexan necesarias e suficientes para mellorar o rendemento dos alumnos (profesorado de apoio/reforzo, aumentar as sesións dedicadas ás técnicas de estudo,...). As citadas medidas que se poidan levar a cabo serán obxecto de seguimento e avaliación interna para corrixir posibles erros que se detecten nas estratexias metodolóxicas deseñadas para acadar os obxectivos.

15. Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica

Descríbese por partes para detallar máis cada un dos labores que se desenvolven. Aínda así o traballo lévase dun xeito coordinado. Isto faise nas reunións semanais que ten todo o equipo.

O Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica que traballa no Centro está composto por:

- María Rial Bares: Psicóloga e orientadora de Educación Secundaria Obrigatoria
- Gabinete Psicoloxía de Educación Infantil e Primaria
- Aldara Camba López: Profesora especialista en Audición e Linguaxe
- María Sol Rodríguez Nuño: Profesora especialista en Pedagogía Terapéutica

Programa de traballo

1.- Setembro-outubro

- Elaboración de informes xustificativos da necesidade de atención externa especializada para alumnado NEAE.
- Coordinación coas mestras de Infantil para prevención e intervención na área de comunicación.
- Valoración psicopedagóxica e asesoramento ao profesorado e familias para a atención ao alumnado con NEAE.

2.- Novembro

Comezarán as sesións de *Estratexias de Aprendizaxe* a impartir en 6º Educación Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria, co seguinte horario:

- 6º Educación Primaria: 6-8 sesións
- 1º Educación Secundaria Obrigatoria: 6-8 sesións

- 2º, 3º e 4º Educación Secundaria Obrigatoria: 6-8 sesións

Programa de traballo: Condicións de estudo, subliñado, esquema,...

Probas colectivas:

- 3ºEP e 1ºESO: E-Beo. (outubro-novembro). Se fai en ordenadores.
- 6ºEP e 2ºESO: badyg (outubro-novembro). En papel, de 9.15 a 12 horas.
- 2ºESO: sociograma buddyTool (10 minutos + explicación). En ordenador.
- 1º,3º,4ºESO: sociograma sociomet, cada alumno co seu ordenador. Leva 15 min.
- 3ºESO: CEA (Cuestionario de Estratexias de Aprendizaxe), leva sobre 30 minutos, papel.
- 4ºESO: Test de Preferencias Profesionais (xaneiro-febreiro). leva 2 sesións + explicación. Faise en ordenador e entréganse resultados ás familias en papel.

3.- O resto do curso continuarase con:

- Recoller as novas demandas do profesorado.
- Coordinación e asistencia a entrevistas co profesorado, alumnado e familias e/ou gabinetes externos.
- Colaboración co profesorado e as especialistas de PT/AL nos programas de traballo para o alumnado con NEAE e en risco de exclusión.
- Observación e seguimento do alumnado, na aula, patio,...
- Sesións puntuais de psicoterapia individual e / ou grupal a petición do alumnado.
- Asesoramento continuo ao profesorado en materia de educación emocional.
- Reunión co profesorado para tratar perfís de resultados obtidos nas probas colectivas.
- Participación nas reunións doutros departamentos, a demanda da Xefatura de Estudos.
- Asistencia ás avaliacións de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.
- Actualización de material psicopedagóxico dispoñible para uso do profesorado.
- Xestión das probas psicopedagóxicas.
- Realización de informes psicopedagóxicos a petición de titores, equipo directivo e/ou familias.
- Redacción de memorias anuais de final de curso.
- Redacción de informes xustificativos a demanda do equipo directivo, familias e servizos sanitarios da necesidade de atención externa especializada para alumnado con NEAE.

- Colaboración, revisión e actualización, a demanda do equipo directivo, dos plans de centro.
- Participación na Comisión de convivencia escolar e Coordinación Pedagóxica.
- Divulgación de material científico e formativo de interese para a mellora do labor educativo.
- Promoción do grupo de mediación dirixido e coordinado polo Equipo Orientador do Centro no que participa alumnado de 3º e 4º de ESO.
- Redacción da memoria explicativa de inicio de curso.

Departamento de Orientación

Plan de Orientación Académica e Profesional

1. Programas de Orientación

1.1. Programa de Orientación Escolar

1.1.1. Prevención de dificultades de aprendizaxe

1.1.1.1. Técnicas de estudo

1.1.1.2. Hábitos de estudo

1.1.1.3. Técnicas instrumentais

1.2. Programas de Orientación vocacional

1.2.1. Orientación escolar na ESO

1.2.2. Orientación vocacional na ESO

2. Medidas de atención á diversidade

2.1. Medidas de atención á diversidade

2.2. Organización do reforzo educativo

2.3. Reforzo educativo e adaptación curricular

2.4. Programa de diversificación curricular

2.5. Protocolo de actuación ante as necesidades educativas especiais

Pedagogía Terapéutica e Audición e linguaxe

Para o curso actual exporase o traballo na etapa da Educación Primaria atendendo ao alumnado con NEAE a demanda dos titores e o profesorado que imparte clase nestes niveis, tanto en grupo como de xeito individualizado.

A intervención vai enfocada fundamentalmente ás áreas da Lingua e das Matemáticas, incidindo nos aspectos da lectura (comprensión, rapidez), expresión escrita (guiada e libre),

vocabulario, iniciación gramatical, cálculo e razoamento lóxico. Tamén aspectos como concentración, atención, lateralidade, reeducación de dislexia, estimulación visual e auditiva...

Continuaranse as ACS comezadas nos cursos anteriores, e farase unha avaliación inicial para aquel alumnado que o poida precisar. De ser o caso, iniciaríanse este curso co acordo das familias e a autorización pertinente da Inspección Educativa.

Actividades a desenvolver:

- Avaliación inicial e informe do alumnado que presenta dificultades en distintas áreas á petición dos titores e profesorado para formación de grupos de traballo de reforzo educativo e realización de adaptacións curriculares.
- Avaliación inicial do alumnado que presenta dificultades na fala.
- Asesoramento ás familias para apoiar o traballo de AL que se realiza na escola.
- Organización e posta en marcha dos grupos de Reforzo Educativo.
- Asesoramento ao profesorado que da clase ao alumnado con NEAE no centro para optimizar resultados, tanto en materiais como estratexias.
- Elaboración de ACS e informes pertinentes para mandar á Inspección.
- Selección e elaboración de materiais segundo as dificultades presentadas.
- Intervención sobre o alumnado de cara a atender as súas necesidades específicas.
- Entrevistas coas familias do alumnado para intercambio de información e seguimento.
- Entrevistas con profesionais externos ao centro, psicólogos, psicopedagogos, optometristas e mestres de apoio para colaborar conxuntamente nos plans de intervención sobre o alumnado.
- Reunións semanais, dos membros do departamento para información, seguimento e control do alumnado e para proposta de actividades.
- Elaboración de informes.

1. Organización da intervención:

Organizaranse os grupos para reforzo educativo e atención individualizada en vinte e catro sesións semanais, previa selección do alumnado na que se delimiten as dificultades que presentan ou ben seguindo con alumnos xa diagnosticados, como a continuación se detalla:

1.1. Educación Infantil: Grupo de traballo (aspectos previos á lectoescritura)

Traballarase individualmente ou en pequeno grupo para conseguir unha correcta articulación e estrutura da linguaxe.

1.2. Educación Primaria

- 1º EP: Grupo de Reforzo de lectoescritura e razoamento lóxico e cálculo.
- 2º EP: Grupo de reforzo educativo para Lingua (lectura, comprensión lectora e expresión escrita) e Matemáticas (cálculo e razoamento lóxico).
- 3º E.P.: Grupo de reforzo educativo para Lingua (lectura, comprensión lectora e expresión escrita) e Matemáticas (cálculo e razoamento lóxico).
- 4º E.P.: Grupo de reforzo educativo para Lingua (lectura, comprensión lectora e expresión escrita) e Matemáticas (cálculo e razoamento lóxico).
- 5º E.P.: Grupo de reforzo educativo para Lingua (lectura, comprensión lectora e expresión escrita) e Matemáticas (cálculo e razoamento lóxico).
- 6º E.P.: Grupo de reforzo educativo para Lingua (lectura, comprensión lectora e expresión escrita) e Matemáticas (cálculo e razoamento lóxico).

2. *Atención individualizada:*

Trabállase co alumnado, de diversos cursos, que presente dificultades nalgún aspecto das aprendizaxes, ou que promocionen por imperativo legal.

A intervención se realizará dentro e fóra da aula dependo do tipo de actividade a realizar e a modalidade de traballo: individual ou equipo (aprendizaxe cooperativa)

Para Audición e Linguaxe programaremos actividades enfocadas a solucionar problemas de lectoescritura e dificultades da fala co alumnado de Primaria que precise unha atención especial nestes aspectos, en coordinación cos titores.

O traballo levarase a cabo en pequeno grupo ou individualmente, segundo o caso co alumnado de Primaria que precisa unha atención moi especial nestes aspectos, en coordinación cos titores.

2.1- Na lectura se incidirá nos aspectos de:

- dominio das correspondencias fonema-grafema
- velocidade lectora
- comprensión lectora

- omisións, substitucións (palo-paro), inversións (le-el), vacilacións, parafasias (pera por mazá)

2.2- Na escritura incidiremos en:

- dominio das correspondencia grafema-fonema
- adquisición dun vocabulario visual amplo
- disgrafías

2.3-Na área matemática:

- realización de actividades enfocadas a solucionar dificultades no cálculo
- razoamento lóxico
- resolución de problemas

O Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica fará unha avaliación detallada recollendo a información dos titores e os profesores da materia e das ACS, especificando as dificultades concretas, informando do contexto das dificultades e facendo por último unha síntese valorativa que incluírá as necesidades educativas especiais.

A continuación deseñárase o programa e decidírase se o traballo se vai desenvolver en pequeno grupo ou de xeito individual, dentro ou fóra da aula.

16. Atención á diversidade

A Escola pretende mellorar as ofertas formativas para todos os rapaces, calquera que sexa a súa capacidade, ritmo, nivel e competencia. Isto implica implantar proxectos que se adapten a diferentes situacións e circunstancias.

Grupos de Reforzo e/ou ACS: O equipo psicopedagóxico e os titores avaliarán as necesidades de formar en cada clase, se se precisa, pequenos grupos de reforzo, que terán varias sesións semanais (Lingua: lectura e comprensión lectora e Matemáticas: cálculo e razoamento lóxico) para favorecer a progresión deste alumnado. Individualmente se exporán, de ser o caso, as Adaptación Curriculares Significativas, que serán realizadas polo profesorado, atendendo ao alumnado de forma individualizada. En 1º e 2º de ESO o alumnado que precise destes reforzos, non cursará a materia de lingua francesa, de acordo coa lexislación vixente.

17. Espazo das Intelixencias Múltiples

Son diversas as situacións que reclaman unha intervención familiar, educativa e social no ámbito da intelixencia emocional.

Seguimos a traballar e a consolidar o ESPAZO ABERTO DAS INTELIXENCIAS MÚLTIPLES.

Desde a nosa participación no PLAMBE o noso compromiso segue a ser o de potenciar a Biblioteca como o elemento dinamizador da actividade da Escola.

Desde que atravesamos a porta da escola entramos irremediabilmente nun espazo novo no que imos pasar moitas horas xuntos. Queremos, desexamos e traballamos para que toda a ESCOLA ANDERSEN sexa un espazo real e virtual para a aprendizaxe. As aulas, o patio, ás árbores, os espazos comúns e os particulares de cada grupo, as actividades diarias, o grupo, a comunidade da escola... Todo é aula. Todo sérvenos para aprender e crecer como persoas, como grupo.

Desde fai moitos anos, desde a creación da Escola Andersen apostouse polo xogo, polo uso do Tempo Libre como unha ferramenta de aprendizaxe dentro do horario escolar e dentro do curriculum escolar. Varias foron as etapas de formalización e consolidación da idea e sempre tiramos para adiante convencidos da importancia que podía ter na formación persoal e social da comunidade Andersen.

Neste curso deseñamos o espazo para utilizado nos tempo de recreo, como recurso das materias curriculares e como punto de desenvolvemento das actividades extraescolares.

Queremos mellorar a idea fundamentándonos nos oito tipos de intelixencia propostos por Gardner: Intelixencia lingüística-verbal, Intelixencia lóxica-matemática, Intelixencia espacial, Intelixencia musical, Intelixencia corporal cinestésica, Intelixencia naturalista, Intelixencia intrapersoal, Intelixencia interpersonal.

Aínda que cada persoa é diferente e presenta maiores habilidades, facilidade, motivación e potencial para determinadas áreas ou habilidades, o feito é que cada ser humano posúe os 8 tipos de intelixencia e a capacidade de desenvolvelos nun nivel adecuado, o que lle permitirá desenvolver con facilidade en todos os ámbitos da vida.

Cada un dos espazos disporá do material necesario ou suficiente para desenvolver cada una das intelixencias anteriormente descritas.

Este material acondicionase en mesas onde se interactuará mediante un sistema de préstamo e onde os grupos formados autoxestionarán o seu uso e a posterior recollida do mesmo, supervisados pola persoa responsable que se atope ao fronte da actividade ou grupo. O ESPAZO utilizarase nos tempos de recreo, nos tempos de horario lectivo cando o persoa responsable do curso así o dispoña para que a clase, no seu conxunto, acceda a el e como elemento de aprendizaxe non curricular.

18. Espazos Abertos

Tamén continuamos cos ESPAZOS ABERTOS. Un proxecto para:

- Abrir as aulas. Crear novos espazos. Propoñer puntos de encontro.
- Xestionar novas formas de participación e aprendizaxes.
- Integrar e axuntar propostas e inquietudes na comunidade Andersen.

Farémolo transformando / ocupando os espazos para microactividades:

- Galería de arte do alumnado, profesorado, familias...
- Audicións /concertos
- Debates de temas de actualidade
- Exposicións de ideas /temas

19. Aprendizaxe Cooperativa

A necesidade de formarse neste ámbito viu dada pola convicción do Equipo Directivo e docente das bondades da cooperación como estrutura e metodoloxía de aprendizaxe e convivencia. O alumnado está distribuído en equipos pequenos que, unha vez feitas as probas necesarias, confórmanse e mantéñense estables no tempo para axudar e animar uns a outros nos exercicios e nas actividades en xeral. Esperase de cada neno ou nena, non só que aprenda o que o docente lle ensina, senón tamén que aprenda dos seus compañeiros e compañeiras de equipo. A evidencia neurocientífica avala que todos somos modelos educativos para todos, de xeito que aprendendo a cooperar, aprendemos máis facilmente sobre nós mesmos/as, sobre as nosas posibilidades e limitacións para a convivencia e comezamos a aceptar a diversidade como condición imprescindible para o óptimo desenvolvemento humano.

Así, unha estrutura de actividade cooperativa, leva ao alumnado a terse en conta, uns aos outros, para cooperar e axudarse ao longo do desenvolvemento da actividade. Cooperar leva a incluír. Polo contrario, a estrutura da actividade competitiva, leva ao alumnado polo camiño da competencia entre si, por ser o primeiro en rematar a tarefa e, polo tanto, non para axudarnos uns a outros, senón todo o contrario. Competir leva a excluír.

20. Plan de Convivencia Escolar

Continuarase co funcionamento da Comisión de Convivencia Escolar. Este ano prestaremos especial atención aos problemas relacionados coa exclusión na súa vertente máis extrema: acoso e ciberacoso, e ao uso de internet, organizándose para alumnado a partires de 5º de Primaria e para as súas familias, en colaboración coa ANPA, de diversas charlas impartidas por profesionais relacionadas cos correcto uso das novas tecnoloxías, do consumo de drogas,... Nas titorías e no equipo de orientación educativa e psicopedagóxica trataranse estes temas.

En Educación Secundaria funcionarán equipos de mediación organizados pola Orientadora. Os equipos de mediación formaranse mediante un proceso de selección por parte da Orientadora (pasará unha enquisa de valores na aula) e profesores que impartan clase nos cursos 3º e 4º de E.S.O, de entre aqueles que se presenten voluntarios, tendo en conta as competencias propias dun mediador. O equipo de mediación terá como obxectivo principal resolver conflitos de xeito práctico, onde o alumnado será o encargado de contribuír á solución.

21. Calendario escolar

O calendario escolar vén determinado pola Consellería. Determinarase, de acordo coa lexislación vixente, dous días non lectivos (determinados polo Consello Escolar do Centro), que quedan do seguinte xeito:

- Días non lectivos acordados polo Consello Escolar: 20 de marzo e o 4 de maio de 2020
- Día do Ensino: 31 de outubro de 2019
- Vacacións de Nadal: do 21 de decembro de 2019 ao 7 de xaneiro de 2020 (ambos inclusive)
- Festa de Entroido: 21 de febreiro do 2020. **Horario de 11:15 a 14:45 horas**
- Vacacións do Entroido: 24, 25 e 26 de febreiro de 2020 (luns, martes e mércores)
- Vacacións de Semana Santa: do 4 ao 13 de abril de 2020 (ambos inclusive)

- Festa fin de curso: 12 de xuño. Pola mañá non haberá clase. **Horario 18 a 21 horas**
- Último día de clase: 19 de xuño. Comezo das vacacións de verán

22. Plan de actividades propostas pola ANPA.

A Escola atópase aberta a colaborar con cantas actividades propoña a Asociación de Pais e Nais de Alumnos/as, dentro do recoñecemento da autonomía da que goza dita ANPA, tanto a principio de curso como durante o desenvolvemento do mesmo.

Completaríase este plan coas actividades detalladas no apartado de Actividades Extraescolares. Organizadas pola Asociación de Nais e Pais do Alumnado, coa colaboración da Escola, para o presente curso existen as seguintes:

<u>Actividade</u>	<u>Días</u>	<u>Lugar</u>
Baloncesto mixto	luns, xoves	Escola
Música e Movemento	luns	Escola
Taekwondo	luns	Escola
Robótica I e II	martes	Escola
Arte e creatividade	martes	Escola
Danzas urbanas	mércores	Escola
Xadrez	mércores	Escola
Inglés	xoves	Escola
Rodas	venres	Escola

As actividades están parcialmente subvencionadas pola Asociación de Nais e Pais do alumnado. Estas actividades poderán sufrir cambios ao longo do curso, segundo as necesidades de organización ou a demanda do alumnado/familias.

Ademais das anteriormente sinaladas, a Escola realiza outras, periodicamente, entre as que cabe salientar:

- Biblioteca: aberta tódolos días de 12:45 a 13:10 e os martes polas tardes, onde existen actividades de animación á lectura, preséntanse libros e/ou autores, ou se fan actividades relacionadas co mundo da lectura.
- Espazo Aberto de Intelixencias Múltiples, abrindo algúns días ao curso pola tarde.
- Cinefórum: unha vez ó mes, pola tarde (xantar na Escola).

23. Órganos Colexiados

Consello Escolar: Formado polos representantes das familias, do alumnado, do Profesorado e da titularidade, reuniranse polo menos unha vez ao trimestre, para tratar os temas máis habituais e significativos, tales como Programación Xeral Anual do Centro, Calendario Escolar, Memoria Anual do Curso, aprobación do recibo,... Celebraranse reunións extraordinarias tantas veces sexa preciso para tratar calquera tema que vaia xurdindo durante o curso.

Claustro de Profesores: Formado polo profesorado, ten previstas reunións a principio de curso, en novembro, en febreiro, en maio e en xuño, sen descartar calquera outra que sexa preciso facer durante o curso para tratar temas da súa competencia. Está formado por:

1. Alfonso Ojea, Trinidad
2. Alonso García, María Pilar
3. Ballesteros Casal, Emilio
4. Bares Ouviaña, María del Pilar
5. Blanco Salgueiro, María Asunción
6. Camba López, Aldara
7. Camba López, María
8. Cancelas Serodio, Elba
9. Carrasco Pérez, Beatriz
10. Castañal Espinosa, Xulio
11. Cobián Vázquez, Jesús
12. Cruz Pérez, Juan Carlos
13. Docampo Blanco, Emilia
14. Fernández Barcia, Calima
15. Fernández Freire, Eneas
16. Ferro Fernández, Igor
17. García Balboa, Dolores
18. Gómez Alonso, Carolina
19. González Cela, Candela
20. González Martínez, María Dolores
21. Justo Álvarez, Bernardo

22. Leschier, Isabelle Sophie
23. Martín Alonso, Hilda
24. Méndez Güenaga, José
25. Núñez Fernández, Mercedes
26. Pequeño Ríos, Luís Alberto
27. Pereira Zunzunegui, María Carmen
28. Rial Bares, María
29. Rodríguez Nuño, María Sol
30. Rodríguez Pazo, Patricia
31. Rodríguez Vázquez, Miriam
32. Vilariño Cutrín, Elena María

24. Órganos unipersoais

O equipo directivo está composto polo director, José Méndez Güenaga; a Xefa de Estudos, e Beatriz Carrasco Pérez e maila secretaria Calima Fernández Barcia.

O equipo directivo atenderá dentro e fóra do horario lectivo, axustado á súa dispoñibilidade para posibilitar os encontros que lle sexan solicitados por causas necesarias e imprevistas, así como por reunións cos colectivos relacionados coa Escola (ANPA).

Horario de atención común do equipo directivo:

- Martes, de 16:00 a 17:45 horas
- Tódolos días, de 12:45 a 13:10 horas

Para garantir unha óptima atención é recomendable que, na medida do posible e salvo urxencias, as entrevistas sexan acordadas mediante cita previa solicitada polos medios dispoñibles na actualidade.

25. Vixilancias de recreo

Organizadas en dous grupos:

- Educación Infantil
- Educación Primaria e Secundaria

De acordo co horario escolar, motivado polos distintos horarios de recreo.

Cada recreo é vixiado polo profesorado. Ademais, nos segundos recreos do alumnado, existe vixilancia de Espazo de IIMM (2 profesores) e Bibliotecas (4 profesores, 2 en cada biblioteca).

A organización das quendas de vixilancias corre a cargo da Xefatura de Estudos. Estas poden variar ao longo do curso, segundo as necesidades da Escola.

26. Persoal non docente

O persoal non docente está formado por:

- A persoa encargada das tarefas administrativas, que realiza as tarefas propias do seu cargo (administración, contabilidade, atención teléfono...), ten un horario de 8:30 a 15:30 horas.
- O persoal de limpeza, con horario de tarde, está encargado da limpeza da Escola, de xeito que as instalacións estean en perfectas condicións de seren utilizadas polo alumnado a diario. Ademais unha das traballadoras realiza un horario de 10 a 12 horas para preparar o almorzo do alumnado ata 1º de Educación Primaria (inclusive) e dar unha limpeza xeral aos baños da planta baixa do Edificio de Infantil e Primaria despois do primeiro recreo.

27. Saídas escolares

A Escola valora positivamente o achegamento, inserción e experimentación no medio físico e social, como fórmulas de aprendizaxe activa, na vida real. Por isto é un aspecto a destacar dentro da nosa programación as visitas de acordo coa idade e aprendizaxe do alumnado. As saídas escolares son frecuentes e reflicten a importancia que para nós ten a inmersión na realidade. Podemos agrupar estas experiencias da forma seguinte:

Educación Infantil

- Centro Cultural Valadares (1º trimestre)
- Abanca Sede Afundación (1º trimestre)
- Museo Liste (1º trimestre)
- Centro de día Valadares (1º trimestre)
- Parque de Castrelos (1º trimestre)

- Afundación Teatro (2º trimestre)
- Biblioteca Neira Vilas (2º trimestre)
- Biblioteca Baiona (2º trimestre)
- Museo do Mar (2º trimestre)
- Illas Atlánticas (3º trimestre)
- Museo Marco (3º trimestre)
- Praia de Samil (3º trimestre)
- Mercado O progreso (3º trimestre)
- Excursión Fin de Curso (Apópolis) (3º trimestre)
- A pé polos arredores da Escola (recollida flores, follas,...) (perante todo o curso)

1º de Educación Primaria

- Panadería Copena (1º trimestre)
- Saída contorna. Visita a algunha construción relacionada co proxecto Construtores (1º trimestre).
- Concerto didáctico (2º trimestre)
- Teatro Afundación “Safari” (2º trimestre)
- Delikia, fábrica conservación alimentos. (2º trimestre).
- Verbum (2º trimestre)
- Zoo (3º trimestre)
- Saída fin de curso, lugar por determinar (3º trimestre)

2º de Educación Primaria

- Panadería Copena (1º trimestre)
- Poboado Castrexo. Monte do Castro (1º trimestre)
- Concerto didáctico. Concello de Vigo (2º trimestre)
- Teatro Afundación “Safari” (2º trimestre)
- Verbum (2º trimestre)
- Biblioteca Municipal de Baiona (2º trimestre)
- Fundación Sales (3º trimestre)
- Fin de curso: Granxa- Escola Serantellos, estancia de tres días (3º trimestre)

3º de Educación Primaria

Castelo de Soutomaior (1º trimestre)

- Teatro Afundación “Gaia” (1º trimestre)
- Saída contorna. Visita a algunha construción relacionada co proxecto Construtores (1º trimestre).
- Salinae (2º trimestre)
- Concerto Didáctico Concello de Vigo (2º trimestre)
- Vitrasa (3º trimestre)
- Excursión Fin de curso: Roteiro Areamilla- Limens /Día na praia (3º trimestre)

4º de Educación Primaria

- Casco vello de Vigo (1º trimestre)
- Teatro Afundación “Gaia” (1º trimestre)
- Biblioteca Municipal de Baiona (2º trimestre)
- Concerto Didáctico Concello de Vigo (2º trimestre)
- Bombeiros (2º trimestre)
- Colmeas (2º trimestre)
- San Rafael (3º trimestre)
- Fin de curso: Estancia de tres días Fervenza Aventura (3º trimestre)

5º de Educación Primaria

- Parque Natural de Corrubedo, Castro Baroña e Dolmen de Axeitos (1º trimestre)
- Actividade Grand Prix Financieiro (1º trimestre)
- Teatro Afundación “Troya” (1º trimestre)
- Mirambel (1º trimestre)
- Concerto didáctico. Concello de Vigo. (2º trimestre)
- Observación Peóns. Policía Local. Concello de Vigo (2º trimestre)
- Colmeas (2º trimestre)
- Mariscadoras e bateas (3º trimestre)
- Saída Fin de curso Bautismo de vela (3º trimestre)

6º de Educación Primaria

- Parque Natural de Corrubedo, Castro Baroña e Dolmen de Axeitos (1º trimestre)
- Mirambel (1º trimestre)
- PIT Educación Viaria. (1º trimestre)
- Teatro Afundación “Troya” (1º trimestre)
- Actividade Grand Prix Financieiro (1º trimestre)
- Nautilus e o tesouro das Illas Cíes (2º trimestre)
- Teatro en lingua Inglesa (2º trimestre)
- Concerto didáctico. Concello de Vigo. (2º trimestre)
- Mariscadoras e bateas (3º trimestre)
- Fin de curso: Estancia de tres días Albergue Xesteira (3º trimestre)

1º de Educación Secundaria Obrigatoria

- Teatro Afundación (1º trimestre)
- Muncyt en A Coruña (2º trimestre)
- Teatro Salesianos (obra lingua inglesa). (2º trimestre)
- Ruta etnográfica polo Río Eifonso (3º trimestre)
- As Médulas e Parque Natural Serra Enciña da Lastra
- Excursión de fin de curso (lugar a determinar)

2º de Educación Secundaria Obrigatoria

- Teatro Afundación (1º trimestre)
- As Pontes e Lugo (1º trimestre)
- Visita a Santa María de Castrelos (2º trimestre)
- Catedral de Tui (2º trimestre)
- Santiago: Museo do Pobo Galego, Colexiata do Sar, Catedral e Casco Vello (3º trimestre)
- Excursión de fin de curso: Centro de actividades Fervenza Aventura (29, 30 e 31 de maio)

3º de Educación Secundaria Obrigatoria

- As Pontes e Lugo (1º trimestre)
- Muncyt en A Coruña (2º trimestre)
- Teatro Afundación (2º trimestre)

- Mosteiro de Sobrado dos Monxes e cubertas da Catedral de Santiago (2ºtrimestre)
- Excursión Fin de curso á Serra do Courel (3ºtrimestre)

4º de Educación Secundaria Obrigatoria

- Concello de Vigo (1ºtrimestre)
- Museo Mar de Vigo (1ºtrimestre)
- Teatro Afundación (2ºtrimestre)
- Polígono da Pasaxe (3ºtrimestre)
- Excursión de fin de estudos: cruceiro a Italia (primavera)

28. Festas, conmemoracións e celebracións

Relacionado co sinalado na introdución do apartado anterior, a importancia deste aspecto radica, ademais do coñecemento e experimentación, na aportación ao alumnado dunha bagaxe cultural, uns valores para o desenvolvemento da súa vida e unha identidade cultural fundamentais dentro dos obxectivos que ten marcados Colexio Andersen.

A preparación, desenvolvemento e conclusión destas actividades ven completada coa participación das mesmas de persoas e institucións alleas á Escola e mesmo ó mundo da Educación.

Estas son as programadas para o presente curso:

- 24 de outubro: Día Internacional da Biblioteca
- 30 de outubro: festa do Samaín e Halloween
- 8 de novembro: Magosto, no que se incluírán xogos de bolas, carreiras de sacos, tiro da corda,....
- 3 de decembro: Día Internacional das persoas con discapacidade.
- Festa de Nadal, coa visita de Papá Noel para os cativos.
- Día Escolar da Non Violencia e da Paz, solta de pombas no patio da Escola. Na ESO trátase un tema, relacionado coa convivencia e a paz.
- Entroido, coa celebración de comparsas realizadas por cada clase, e a posterior celebración dos distintos costumes destes días.
- 21 de marzo: Día da Poesía

- Semana de Andersen, dedicada á animación da literatura infantil-xuvenil. Incluirá a celebración , no día 2 de abril, do Día Internacional do Libro Infantil.
- 23 de abril: Día Internacional do Libro.
- Semana cultural das Letras Galegas e Xogos Florais, coa participación de todo o alumnado dende 2º de Primaria na composición de poesías para concursar nese día.
- Festa Fin de Curso, na que familias, profesorado e alumnado fan un encontro final para despedírense ata o vindeiro curso.
- Olimpíadas, nos derradeiros días do curso. Participan todo o alumnado da Escola. Consisten e múltiples xogos e competicións deportivas, segundo idades, desenvolvidas ao longo do curso.
- Cea-Acto e agasallo de despedida para o alumnado de 4º de Educación Secundaria.

29. Formación do profesorado

Aspecto que a Escola considera fundamental, contamos cunha alta participación do profesorado do Centro en cursos formativos. A participación do profesorado está practicamente concentrada en dúas vertentes:

- O Centro de Formación e Recursos ó que a Escola está adscrito.
- Os cursos da CECE, organización da que Colexio Andersen é socio.
- Cursos online, relacionados coas Tics e o proxecto Edixgal.

Os cursos nos que o profesorado é máis participativo podemos englobalos en tres bloques: de especialización, de carácter xeral, destacando os propios das materias que se imparten e sobre todo os relacionados con temas xenéricos, tales como animación á lectura, reforzos educativos, deseños curriculares,...; e os relacionados coas novas tecnoloxías e materias transversais e de novo deseño curricular, tales como informática, telemática, informática por liña telefónica, obradoiros de matemáticas, taller de Tecnoloxía,...

30. Calendario de reunións

CALENDARIO DE REUNIÓN E CONMEMORACIÓN CURSO 2019-2020

PRIMEIRO TRIMESTRE

SETEMBRO:

Día 9: Reunión de pais EI

Día 11: Comezo das clases en EI e EP

Día 16: Comezo das clases en ESO

SETEMBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 17	17:15-18:15	R.Ciclos Infantil e Primaria + Equipo psicopedagógico + Coordinación		
	18:15-19:15	Traballo titorial	Dpto. Biblioteca (+EIMM) + Coordinación + persoal de apoio	

SETEMBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 24	17:15-18:15	Traballo titorial	R.Ciclo: Preparar reunión familias	Traballo titorial
	18:15-19:15	Dpto. L. Inglesa/ francesa Dpto. Normalización Lingüística		

OUTUBRO:

Día 1/10: Reunión familias EP

Día 8/10: Reunión familias ESO

OUTUBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 1	17:45-18:45	Traballo titorial	Traballo titorial	R.Ciclo: Preparar reunión familias
	18:45-19:45		19:00h Reunións familias de EP	

Día 7: Avaliación inicial e entrega de programación.

OUTUBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 8	17:45-18:45	Traballo titorial	R. Ciclo: Saídas escolares	R. Ciclo: Valoración do alumnado novo
	18:45-19:45			19:00 h. Reunión familias ESO

OUTUBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
<i>Día</i> 15	17:45-18:45	Reunión seguimento do ANEAE (Apoios, profesorado que lles dan clase)	Reunión seguimento do ANEAE (ACS, RE, profesorado que lles dan clase)	Traballo titorial
	18:45-19:45			

OUTUBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
<i>Día</i> 22	17:45-18:45			
	18:45-19:45			

Día 24: Día Internacional da Biblioteca Escolar

OUTUBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
<i>Día</i> 29	17:45-18:45	Traballo titorial	Traballo titorial	R. Ciclo: Seguimento ANEAE (ACS, RE, profesorado que lles dan clase)
	18:45-19:45	Traballo titorial	R.Ciclo Valoración do curso e entrega de notas de metade do trimestre.	

Día 30: Festa Samaín e Halloween.



NOVEMBRO:

NOVEMBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
<i>Día</i> 5	17:45-18:45	Traballo titorial	Dpto. Educación artística	
	18:45-19:45	Dpto. Matemáticas		

Día 8: celebraremos a festa do Magosto (trasladable á semana seguinte en caso de choiva)



NOVEMBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
<i>Día</i> 12	17:45-18:45	Traballo titorial	Dpto. Ciencias Dpto. L. Castelá	
	18:45-19:45	Reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica		

NOVEMBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 19	17:45-18:45	Aula Virtual/Edixgal		
	18:45-19:45	CLAUSTRO		

Día 20: Día Universal da infancia.

Día 25: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

NOVEMBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 26	17:45-18:45	Traballo titorial		
	18:45-19:45	Aprendizaxe Cooperativa		

DECEMBRO:

Día 3: Día internacional das persoas con discapacidade.

DECEMBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 3	17:45-18:45	AVALIACIÓN	Traballo titorial	Traballo titorial
	18:45-19:45			

Día 7: Día do Ensino

DECEMBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 10	17:45-18:45	Traballo titorial	AVALIACIÓN	Traballo titorial
	18:45-19:45			

Día 10: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

DECEMBRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 17	17:45-18:45	Traballo titorial	Traballo titorial	AVALIACIÓN
	18:45-19:45			

Día 20: Festa de Nadal. Entrega de notas

Vacacións de Nadal: do 21 ao 7 (ambos inclusive).



SEGUNDO TRIMESTRE

XANEIRO:

XANEIRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
<i>Día</i> 14	17:45-18:45	R.Ciclo	R. resultados BADIG 6º EP (asiste profesorado de 6ºEP)	R.Ciclo
	18:45-19:45	Dpto. Educación Artística Dpto. Normalización Lingüística		

XANEIRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
<i>Día</i> 21	17:45-18:45	Dpto. Lingua Castelá		
	18:45-19:45	Reunión seguimento dos ANEAE (profesores que lles dan clase). Valoración do curso.	Dpto. Lingua inglesa /francesa	

XANEIRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
<i>Día</i> 28	17:45-18:45	Dpto. Matemáticas		
	18:45-19:45	Traballo titorial	Reunión seguimento dos ANEAE (profesores que lles dan clase). Valoración do curso e entrega de notas de metade do segundo trimestre	Traballo titorial

Día 30: Día Escolar da Non Violencia e da Paz



FEBREIRO:

FEBREIRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
<i>Día</i> 4	17:45-18:45	Traballo titorial	Traballo titorial	Dpto. Ciencias R. resultados BADIG 2º ESO (asiste profesorado de 2º ESO)
	18:45-19:45	CLAUSTRO		

FEBREIRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 11	17:45-18:45			
	18:45-19:45			

FEBREIRO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 18	17:45-18:45	Traballo titorial	Traballo titorial	R.ciclo: seguimento dos ANEAE (profesores que lles dan clase)
	18:45-19:45			Entrega de notas de metade do trimestre.

Festas do Entroido: xoves día 20 de febreiro e venres 21 de febreiro.

Vacacións do Entroido: 24, 25 e 26 de febreiro.



MARZO:

MARZO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 3	17:45-18:45	Traballo titorial	Reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica	
	18:45-19:45			

Día 8: Día Internacional da Muller traballadora.

Día 11 ao 15: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

Día 15: Día Mundial dos Dereitos do Consumidores.

MARZO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 10	17:45-18:45	Traballo titorial	R.Ciclo	Traballo titorial
	18:45-19:45	Reunión: Preparar Semana de Andersen		

MARZO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 17	17:45-18:45	AVALIACIÓN	Traballo titorial	R.Ciclo
	18:45-19:45			

Día 21: Día da poesía

Día 19: Non se celebrará o día do pai

MARZO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 24	17:45-18:45	Traballo tutorial	AVALIACIÓN	Traballo tutorial
	18:45-19:45			

Día 30 de marzo ao 3 de abril: Semana de Andersen

MARZO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 31	17:45-18:45	Traballo tutorial	Traballo tutorial	AVALIACIÓN
	18:45-19:45			

Día 3: Entrega de notas.

TERCEIRO TRIMESTRE

ABRIL:

Día 4 de abril ao 13 de abril inclusive: Vacacións de Semana Santa

Día 2: Día Internacional do Libro Infantil.

Día 7: Día Mundial da Saúde.

ABRIL		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 14	17:45-18:45	R. Ciclo	Traballo tutorial	Reunión seguimento dos ANEAE (profesores que lles dan clase). Valoración do curso e entrega de notas de metade do segundo trimestre
	18:45-19:45	Dpto. Lingua inglesa/ francesa / Dpto. Normalización Lingüística		

ABRIL		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 21	17:45-18:45	Reunión seguimento dos ANEAE (profesores que lles dan clase). Valoración do curso.	Aula Virtual/Edixgal	
	18:45-19:45	Aprendizaxe cooperativa		

Día 23: Día Internacional do Libro.



ABRIL		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 28	17:45-18:45	Dpto. Matemáticas		
	18:45-19:45	CLAUSTRO		

MAIO:

Día 2: Día Internacional contra o Acoso Escolar

Día 3: Non se celebrará o día da nai

MAIO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 5	17:45-18:45	Dpto. Lingua Castelá		
	18:45-19:45	Traballo titorial	R. Ciclo Entrega de notas de metade de trimestre Reunión posibles repetidores	

MAIO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 12	17:45-18:45	Traballo titorial	Dpto. Ciencias	
	18:45-19:45		Reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica	

Día 15: Festa dos Maios e Letras Galegas.

Día 17: Día das Letras Galegas



MAIO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 19	17:45-18:45	Traballo Titorial	Dpto. Educación artística	
	18:45-19:45		Reunión seguimento dos ANEAE (profesores que lles dan clase). Valoración do curso e entrega de notas de metade do segundo trimestre	AVALIACIÓN MATERIAS PENDENTES

Día 20, 21 e 22: Granxas 2ºEP +4ºEP

Día 27,28 e 29 6ºEP

MAIO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
Día 26	17:45-18:45			
	18:45-19:45			

XUÑO:

XUÑO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
<i>Día</i> 2	17:45-18:45	AVALIACIÓN	R.Ciclo	Traballo titorial
	18:45-19:45			

Día 5: Día Mundial do Medio Ambiente.

XUÑO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
<i>Día</i> 9	17:45-18:45	Traballo titorial	AVALIACIÓN	R.Ciclo
	18:45-19:45			

Día 12: Festa de Fin de Curso.

XUÑO		<i>E. Infantil</i>	<i>E. Primaria</i>	<i>E. Secundaria</i>
<i>Día</i> 16	17:45-18:45	Traballo titorial		AVALIACIÓN
	18:45-19:45			

Días 17 e 18: Olimpíadas

Día 19: Remate das clases. Entrega de notas EI e EP

Día 25: Cea despedida 4ºESO

Día 26: Entrega de notas ESO



FESTAS E CONMEMORACIÓN:

25 outubro	Biblioteca Escolar: Lecturas compartidas
30 outubro	Halloween-Samaín
8 novembro	Magosto
20 decembro	Nadal
30 xaneiro	Día escolar da non violencia e a Paz
Xoves 20 e venres 21 febreiro	Entroido
30 marzo ao 3 de abril	Semana de Andersen
15 maio	Maios, Xogos Florais e Letras Galegas
20, 21 e 22 de maio	Granxa
12 xuño	Fin de curso
17 e 18 de xuño	Olimpíadas
25 de xuño	Cea despedida 4º ESO

DEPARTAMENTOS

- Dpto. Matemáticas: **Asun, Bernardo**, Luís, María P, Xulio, Pili, Igor, Miriam, Candela, e Merchi.
- Dpto. Castelá: **Aldara**, Sol, Candela, Merchi, Miriam, Pili, Xulio, Pepe, Xoán, María P, Piti e Carolina.
- Dpto. Normalización lingüística: **Merchi**, Trini, Lo, Pepe, Miriam, Aldara, Candela, Pili, María P, Xulio e Xoán.
- Dpto. Ciencias: **Patricia**, Merchi, Candela, Miriam, Pili, Luís, Bernardo, María P, Bea, Igor, Asun, M^a Rial e Maruxa.
- Dpto. Linguas estranxeiras (Inglés e Francés): **Carolina**, Loli, Xulio, Bernardo, Calima, Hilda e Isabelle.
- Dpto. Biblioteca: **Sol**, Aldara, Hilda, Pili, Bernardo, Xulio, Luís, Miriam, María P, Loli, Xoán, Isabelle, Igor e Carolina.
- Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica: **M^a Rial**, Aldara, Sol e Psicóloga EI-EP.
- Dpto. Educación Artística: **Elena**, Calima, Bernardo, Eneas, Mili, Hilda e Suso.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica: Equipo directivo, Coordinadores de etapa e Equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica.

31. Plan de autoprotección

Foi e segue sendo a seguridade do alumnado e profesorado un tema fundamental para Colexio Andersen. Por este motivo, están deseñados con detalle unha serie de mecanismos e medios dispoñibles para facer fronte ante calquera incidencia que afecte á seguridade do alumnado, profesorado e demais persoas, así como das instalacións escolares. Estas medidas complétanse con outras cando haxa grupos de alumnado fóra do recinto escolar, en saídas escolares e/ou excursións.

- Localización e equipamento das caixas de urxencias. Localizada na planta baixa e sinalizada axeitadamente, contén un botiquín para facer fronte aos primeiros auxilios. Ademais a sala dispón de auga corrente e unha padiola. Neste lugar está visible unha lista de alumnado que pode precisar atención especial por motivo de alerxias, enfermidades, intolerancias, etc. Estas condicións particulares do alumnado deben ser comunicadas polas familias á Escola.

- Saídas escolares. Cada vez que se realiza unha saída o profesorado acompañante levará un botiquín de primeiros auxilios, por se fora preciso. Ademais, dispoñen dun teléfono móbil por se fora mester.
- Plan de evacuación. En caso de emerxencia, e sendo preciso evacuar a Escola procederase do seguinte xeito:

Edificio de Primaria

- 1) alumnado que se poidan atopar na sala verde e Espazo Aberto das IIMM sairán de xeito ordenado pola porta de acceso directo ó exterior (debidamente sinalizado), que dá á rampa, e dirixiranse cara á pista polideportiva.
- 2) alumnado que se atopase na biblioteca e na aula de informática, sairá pola porta de acceso propio a eses espazos, e dirixirase á pista polideportiva.
- 3) alumnado de Primaria sairá ó exterior pola porta de acceso do alumnado, ordenadamente, para, desde o patio cuberto, dirixirse á pista polideportiva. O alumnado de Educación Infantil 4º, 5º e 6º e os que se atopen na aula de estudio accederán ó exterior pola porta principal.
- 4) persoal que se atope en sala do profesorado, secretaría, dirección, titoría ou departamentos, ocuparase de facer soar a alarma e manter as portas abertas (dúas follas, se houbera) e coidar de que a saída sexa ordenada. O persoal que se atope na sala do profesorado ou estea de apoio ocuparase da utilización dos extintores, se fose preciso.
- 5) Inda que escritas de xeito ordenado, todas estas medidas serán realizadas de xeito simultáneo.

Edificio de Secundaria

A destacar a amplitude das instalacións en comparación co número de alumnado que a utiliza.

- 1) As aulas de 3º e 1º ESO, a biblioteca, a sala de estar-comedor e sala multiusos serán evacuadas polas escaleiras e/ou porta máis próximas á entrada principal e porta principal.
- 2) As aulas de 2º e 4º ESO, a aula de tecnoloxía e o laboratorio serán evacuadas polas escaleiras da entrada lateral e porta lateral.
- 3) O alumnado que se atope no Pavillón e vestiarios, evacuaranse pola porta de acceso directo ao patio.

4) O persoal que se atope en titoría ou departamentos e/ou sala do profesorado, ocuparase de facer soar a alarma e manter as portas abertas (dúas follas) e coidar de que a saída fora ordenada.

5) Inda que escritas de xeito ordenado, todas estas medidas serán realizadas simultaneamente.

O persoal de mantemento manterá en perfecto estado as luces de emerxencia, e a sinalización adecuada das saídas de emerxencia. Estas estarán libres de obstáculos, co fin de facilitar, se cumprise, unha rápida e ordenada evacuación do edificio.

- Control de persoas que acceden á Escola. Estará prohibido o acceso de persoas ás zonas de aulas, incluídos os corredores. O portalón de acceso ao recinto escolar permanecerá pechado desde que os autobuses escolares rematen o seu servizo ata que precisen entrar para realizar o servizo de volta a casa. O profesorado que vixie o patio estará pendente do cumprimento desta medida.
- Protección do alumnado. A medida anterior referente ó portalón de entrada significa unha medida máis de protección do alumnado, coidando o profesorado de tal medida cando o alumnado estea no patio. Ningún alumno poderá abandonar a Escola, en horario escolar sen permiso da directora, ou persoa en quen delegue. Resultará imprescindible que pai /nai ou persoa debidamente autorizada se responsabilice do/a alumno/a.
- Sistemas de seguridade. A Escola posúe un completo sistema de alarmas que protexe as súas instalacións. O recinto escolar está totalmente delimitado por un enreixado e conta cun portalón de acceso pechado en horario escolar. A sala de caldeiras e o cuarto de mandos permanecen sempre pechados, de xeito que só pode acceder a eles con chave o persoal do centro debidamente autorizado. Existen extintores na sala de caldeiras, no corredor inferior, na ludoteca, no corredor da planta baixa (preto do acceso exterior e fronte a cociña) e no corredor da planta alta, preto das escaleiras de acceso.
- Divulgación. Todas as persoas que forman a comunidade educativa deben coñecer a existencia deste plan e os mecanismos da súa posta en funcionamento. A dirección da Escola ten a asume a obriga de dalo a coñecer. A súa publicidade reiterada e o simulacro da súa posta en funcionamento contribuirán a garantir a protección do alumnado, familias, profesorado e persoal laboral do Colexio Andersen.

32. Equipo de normalización lingüística e plan de potenciación da lingua galega

O equipo de normalización lingüística está composto por Mercedes Núñez (coordinadora), Trinidad Alfonso, José Méndez, Dolores García, Miriam Rodríguez, Aldara Camba, Candela González, Pilar Bares, María Pereira, Xulio Castañal, Juan Cruz e Pilar Alonso.

Para o ensino e uso da lingua galega observarase o disposto na lexislación vixente polo que se desenvolve a lei de normalización lingüística, nos aspectos relacionados cos distintos niveis educativos que imparte a Escola.

A meirande parte do alumnado de Colexio Andersen é castelán falante, aínda que o galego élles familiar. Non obstante, a realidade cultural fai que Colexio Andersen teña como un obxectivo prioritario fomentar o uso do galego non só como materia a impartir e/ou como lingua vehicular en polo menos dúas materias a partires de 2º curso de Educación Primaria, senón tamén como vehículo de comunicación oral cotián.

Fomentar o uso o máis normalizado posible da nosa lingua é un obxectivo da Escola. Para iso, e de acordo coa lexislación vixente, se expón a potenciación do seu uso do xeito seguinte:

- Redactar en galego os anuncios e avisos ao público, e todos aqueles comunicados, tanto internos como externos, que sexan preciso facer.
- Uso do galego como lingua vehicular nas áreas de Lingua Galega, Coñecemento do Medio, Ciencias Sociais e Ciencias Naturais.
- Expresarse, oralmente e por escrito, con certa soltura, de acordo coas vivencias persoais do alumnado.
- Fomentar e favorecer o uso do galego nos comunicados do alumnado no taboleiro de anuncio do alumnado da Escola.
- Fomentar a lectura en lingua galega, de acordo coa idade do alumnado, e que coñeza algúns dos escritores en lingua galega, así como de fóra con boas traducións vertidas ó galego.
- Fomentar o coñecemento da realidade histórico-cultural de Galicia, reflexionando sobre a mesma e valorando a súa importancia.
- Promover e falar en público con claridade, entoación adecuada, amenidade e rigor no que se di.
- Dar a coñecer e promover a asistencia aos actos culturais cidadáns de carácter cultural galego.

- Solicitar, se procede, que as compañías coas que Colexio Andersen ten relacións, emitan as súas facturas na nosa lingua.
- Promover unha máis ampla dotación de libros galegos e en galego nas bibliotecas de aula e na biblioteca xeral da Escola.
- Convocar os xogos florais entre o alumnado, co gallo da Semana das Letras Galegas.
- Potenciar a organización e o desenvolvemento de unidades didácticas en tódalas festas e celebracións escolares, así como a participación na Escola e fóra dela, daquelas que teñan relación coa lingua e/ou a cultura galega, tales como Magosto, Nadal, Entroido, Semana de Andersen, Semana dos Maios e Letras Galegas, festa fin de curso,...

Ademais, respectando as singularidades, tratamos de que a incorporación, se é o caso, o uso, e a valoración da lingua galega sexa gradual, intuitiva e crecente, considerando que a lingua é, ademais de idioma, vehículo de transmisión da nosa cultura.

**Esta Programación Xeral foi aprobada polo Consello Escolar
de Colexio Andersen o día 15 de outubro de 2019.**